

# *Jose María Barreiro*

## O PREGONERO DA III FESTA DO VIÑO TINTA FEMIA

### *BIOGRAFÍA*

José María Barreiro, más coñecido entre as nosas xentes como Pepe Barreiro, naceu en Forcarei en 1940; poucos anos despois trasladouse a Pontevedra onde realizou os seu estudos de Bacharelato, alternando estes coa súa aficción ó debuxo e a pintura.


No ano 1957 gañou o primeiro premio de Acuarelas en Pontevedra; catro anos máis tarde expuso por primeira vez as súas obras en Santa Cecilia de Marín.

Tras unha curta estadía en París regresa a España, e fixa a súa residencia en Vigo onde compaxina o seu traballo de pintor coa de decorador de interiores. Será aquí en Vigo onde tamén ubique o seu estudio. Nestas deatas coñece a Laxeiro e a Urbano Lugrís.

No ano 1968 , Barreiro expón en Madrid por primeira vez na galeria Toisón, con notable éxito.

No ano 1969 realiza unha viaxe a Bos Aires, invitado por Laxeiro, para facer algunas exposicións. Aquí coñecerá a numerosos artistas : Betinelli, Forte...

De volta a España, expón na capital de súa provincia natal, na sala de arte Jofer.



Nos anos setenta realiza numerosas exposicións, en lugares como Madrid, Valladolid, Barcelona, Venezuela, Vigo, Pontevedra, Santiago de Compostela, ....

Nos anos oitenta, segue a súa magnífica carreira como artista, exponiendo en Santiago de Compostela, Madrid, A Coruña, e no seu concello natal de Forcarei, baixo o título "Homenaxe a miña terra". A finais dos oitenta Barreiro fixo a súa primeira exposición na sala de arte Durán de Madrid, onde realizará cada dous anos unha exposición ata os nosos días, sempre cun gran éxito.

Nesta última década realizou diversas exposición no extranxeiro; New York, Miami, Bélgica...

Dende fai uns anos, Pepe Barreiro, escolleu esta nosa parroquia para fixar a sús nova residencia, embelesado pola súa paixase, a súas xentes, e como non, o seu viño Tinta Femia.

